

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 23 de decembro de 2008 pola que se nomea o tribunal que cualificará as probas de habilitación profesional para a tradución e a interpretación xurada do galego para outras linguas, e viceversa.

Mediante o Decreto 267/2002, do 13 de xuño, regulouse a habilitación profesional para a tradución e a interpretación xurada doutras linguas para o galego, e viceversa (publicado no DOG nº 182, do 20 de setembro) e establecéronse as titulacións e os requisitos necesarios para desenvolver estas tarefas, así como as probas necesarias para obter a citada habilitación.

Pola Orde do 18 de agosto de 2008, da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, convocáronse as probas de habilitación profesional para a tradución e a interpretación xurada do galego para outras linguas, e viceversa (DOG nº 172, do 5 de setembro). No artigo 3 desta orde establecíase que o nomeamento dos membros do tribunal que cualificará as probas, así como dos asesores técnicos necesarios para a súa execución, se realizaría e se faría público unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, á vista do número de aspirantes para cada unha das habilitacións.

Polo tanto, de acordo co previsto no artigo 4 do Decreto 267/2002 e, en uso das competencias atribuídas a esta consellería polo Decreto 231/2005, do 11 de agosto, polo que se establecen os centros directivos dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (publicado no DOG nº 155, do 12 de agosto),

DISPOÑO:

1. O nomeamento dos membros do tribunal que cualificará as probas, así como dos asesores técnicos necesarios para a súa execución:

Cargo	Titular	Suplente
Presidencia	Susana Cruces Colado	En caso de ausencia ou enfermidade será substituída pola vicepresidencia.
Vicepresidencia	Iolanda Galanes Santos	Xosé María Gómez Clemente
Secretaría	Nita Ferreiro Novoa	Marisol Rodríguez González
Vogal	Laura Carballo Piñeiro	José Rodríguez González
Vogal	Xermán García Cancela	Mercedes Penoucos Castiñeiras

Asesores técnicos: Silvia Montero Küpper, María Isabel del Pozo Triviño, José Luis Janeiro Espiñeira, Andrés Salter Gómez, Mercé López Casas e Pedro Cristian Ionescu Pérez.

2. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á Secretaría Xeral de Política Lingüística cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ou se realizasen tarefas de pre-

paración de aspirantes a este tipo de probas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

O presidente, na sesión de constitución do tribunal, solicitará dos membros do tribunal declaración expresa de non encontrarse incursos nas circunstancias previstas no artigo 28 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorreren as circunstancias previstas nesta base.

De ser o caso, con anterioridade á iniciación das probas, a autoridade convocante publicará no DOG unha resolución pola que se nomeen os novos membros do tribunal, que substituirán os que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas nas alíneas anteriores.

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, pódese interpor potestativamente recurso de reposición perante o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no prazo dun mes, que se contará a partir do día seguinte ao de publicación desta convocatoria, conforme os artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de 2 meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2008.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

Orde do 29 de decembro de 2008 pola que se anuncian medidas de apoio á Policía Local de Galicia consistentes na cesión en propiedade de vehículos especialmente preparados para o exercicio das súas funcións.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, determinan que os concellos exercerán competencias, entre outras, en materia de seguridade en lugares públicos.